

UD 4. ESPAÑA NO SÉCULO XIX.

1. A guerra de Independencia.

1.1. A crise do reinado de Carlos IV

- Cando estalou a Revolución francesa e **Luís XVI foi executado**,
- España, coma outras monarquías europeas, **declarou a guerra a Francia**.
- Non obstante, foi **derrotada** e tivo que asinar os **tratados de San Ildefonso** de 1796 e 1800, que a converteron en aliada de Francia e supuxeron o enfrontamento co Reino Unido.
 - Napoleón desexaba ocupar Portugal para debilitar os británicos e firmou con Godoy o **Tratado de Fontainebleau** (1807), que permitía ás tropas francesas atravesar España para chegar a Portugal.
 - O exército francés aproveitou a ocasión e ocupou algunhas cidades españolas.
- Estes feitos, unidos ao descontento Xeral, desembocaron no **motín de Aranjuez** (marzo de 1808).
 - Godoy foi destituído e **Carlos IV abdicou** no seu fillo, **Fernando VII**.
- **Napoleón** aproveitou os problemas da familia real, á que convocou na cidade francesa de Bayonne, e obrigou o rei a **abdicar** no seu irmán, **Xosé Bonaparte**.

1.2. A guerra contra Francia

- O secuestro da familia real en Bayonne desencadeou en Madrid unha **sublevación popular o 2 de maio de 1808**, seguida por levantamentos noutros lugares.
- Comezou así a **guerra da Independencia**, en que a poboación española se dividiu entre
 - **afrancesados**, que recoñeceron a Xosé I como rei,
 - **fernandíns**, fieis a Fernando VII.
- A guerra pasou por **diversas fases**:
 - **Ata finais de 1808**, relativa igualdade.
 - Tras a sublevación de Madrid, os franceses sitiaron Zaragoza e Xirona, pero sufriron unha gran **derrota en Bailén**.
 - **Desde finais de 1808 ata 1812**, vitorias francesas.
 - As tropas de Napoleón **ocuparon case toda a Península**.
 - **De 1812 ata 1814**, definitiva derrota francesa.
 - Coincidiu co **declive militar de Napoleón tropas españolas e inglesas**, ao mando do **duque de Wellington**, derrotaron aos franceses.
 - Estes **abandonaron España e Fernando VII foi repostado no trono**.

TEXTOS HISTÓRICOS FUNDAMENTAIS

O 2 de maio de 1808

A loita, mellor dito, a carnizaría era espantosa na Porta do Sol. Cando cesou o fogo [...] os famosos mamelucos caeron cos seus sabres sobre o pobo [...].

Vostedes non poden imaxinar como eran aqueles combates parciais. Mentres desde as ventás e desde a rúa se lles facía fogo, os manolos atacábanos navalla en man, e as mulleres cravaban os seus dedos na cabeza do cabalo, ou saltaban, asindo polos brazos o xinete. Este recibía auxilio, e ao instante acudían dous, tres, dez, vinte, que eran atacados da mesma maneira, e formábase unha confusión, unha mestura horrible e sanguenta que non se pode pintar.

B. PÉREZ GALDÓS, *O 19 de marzo e o dous de maio*
Episodios Nacionais, 1873



1. O dous de maio de 1808 en Madrid, obra de Goya.

PRESTA ATENCIÓN

- *As guerrillas eran pequenos grupos de civís armados que fustrigaban continuamente o exército francés, mellor equipado e formado, co obxectivo de desmoralizalo.*
- *Entre os guerrilleiros destacaron o Empecinado, Espoz y Mina e o cura Merino.*

2. As Cortes de Cádiz.

2.1. A composición e a labor das Cortes

- A guerra da Independencia tivo consecuencias políticas.
 - A ausencia da familia real deixou en España un **baleiro de poder** nas zonas sublevadas, onde se crearon **Xuntas** para organizar a loita.
 - Posteriormente, creouse a **Xunta Central Suprema**.
- En 1810, a Xunta Central convocou **Cortes Constituíntes**.
- Estas reuníronse en **Cádiz**, a única cidade peninsular que non ocuparan os franceses.
- Nas Cortes diferenciáronse **tres grupos**:
 - A maioría dos deputados eran **liberais** e defendían as reformas políticas.
 - Había unha minoría de **absolutistas**, partidarios de manter o Antigo Réxime.
 - Tamén estiveron presentes algúns **deputados americanos**, preocupados polos problemas das colonias.
- A obra legislativa das Cortes de Cádiz sentou as bases da España contemporánea.

2.2. A Constitución de Cádiz.

- A primeira Constitución española aprobouse o **19 de marzo de 1812** e reflectía os principios do **liberalismo político**:
 - Recoñecía a **soberanía nacional**, é dicir, que o poder reside na nación e que esta o exerce a través dos seus representantes.
 - Establecía unha **monarquía moderada hereditaria**, en que o rei promulgaba as leis.
 - Adoptaba o principio de **división de poderes**.
 - O poder **lexislativo** era exercido polo rei e as Cortes, formadas por unha soa cámara.
 - Os deputados eran elixidos por **sufraxio universal masculino**
 - O **poder executivo** correspondía ao rei, quen nomeaba os ministros, dirixía as relacións internacionais, declaraba a guerra a outras nacións e asinaba a paz.
 - O **poder xudicial** era exercido polos tribunais de xustiza.
 - Establecía a relixión católica como a única da nación española.
- Na Constitución **recoñecéronse importantes dereitos**: a igualdade ante a lei, a propiedade, a liberdade de imprenta...
- O contexto de guerra fixo difícil a aplicación desta Constitución. pero o seu espírito e o seu programa foron unha referencia durante a historia contemporánea de España.

4. O reinado de Fernando VII.

O seu reinado pode dividirse en tres períodos: Sexenio Absolutista, Trienio Liberal e Década Ominosa.

4.1. O Sexenio Absolutista (1814-1820)

- Fernando VII regresou a España en marzo de 1814.
 - Á súa chegada, un grupo de deputados absolutistas entregoulle o **Manifesto dos Persas**, no cal lle suxerían que restituíse a plena soberanía real.
 - Pouco despois, o monarca decretou a **abolición da Constitución de 1812** e empezou a gobernar como un rei absoluto. Era a volta ao Antigo Réxime.
- Os liberais foron perseguidos e encarcerados, e moitos deles marcharon ao exilio.
- Apoiados por unha parte do Exército, trataron de restaurar o liberalismo mediante **pronunciamentos** ou sublevacións.
- Estes fracasaron ante a indiferenza da poboación e os seus dirixentes foron encarcerados ou executados.

TEXTOS HISTÓRICOS FUNDAMENTAIS

O Manifesto dos Persas

Era costume nos antigos persas pasar cinco días en anarquía despois do falecemento do seu rei, co fin de que a experiencia dos asasinatos, roubos e outras desgrazas, os obrigase a ser máis fieis ao seu sucesor. [...] V. M. non necesitaba igual ensaio nos seis anos da súa catividade [...].

A monarquía absoluta [...] é unha obra da razón e da intelixencia; está subordinada á lei divina [...].

Non podendo deixar de cerrar este respectuoso manifesto [...] coa protesta de que se estime sempre sen valor esa Constitución de Cádiz, e por non aprobada por V. M. [...] porque estimamos as leis fundamentais que contén de incalculables e transcendentais prexuízos [...].

Madrid, 12 de abril de 1814



- Que ideoloxía defendían os asinantes deste manifesto?
- Que solicitaban a Fernando VII e por que? Lograron os seus obxectivos?

4.2. O Trienio Liberal (1820-1823)

- En 1820 triunfou o **pronunciamento liberal dirixido polo coronel Riego**, que proclamou a Constitución de 1812.
 - O rei tivo que xurar a Constitución, liberar os liberais encarcerados e convocar as Cortes. Restauráronse as reformas que se aprobaran nas Cortes de Cádiz.
 - Os **problemas entre liberais moderados e exaltados** prolongáronse todo o trienio:
 - Os **moderados** eran partidarios de reformas suaves para que estas fosen aceptadas polas clases dominantes e polo rei.
 - Os **exaltados** defendían a aplicación da Constitución de Cádiz e as reformas radicais.
- Durante o Goberno liberal houbo varios **intentos golpistas dos absolutistas**, apoiados polo rei e por varios países europeos.
 - En 1823, a Santa Alianza enviou a España os **Cen Mil Fillos de San Luís**, un exército que repuxo a Fernando VII como rei absoluto.

4.3. A década ominosa: O final do absolutismo (1823-1833)

- Os liberais, perseguidos polo réxime, protagonizaron **varios pronunciamentos**.
- A todo iso uniuse o **problema dinástico**.
 - En España estaba vixente a **Lei Sállica**, que impedía reinar as mulleres.
 - Como Fernando VII non tivera fillos homes, promulgou en 1830 a **Pragmática Sanción**, que **derrogaba a Lei Sállica**.
 - Deste modo, a súa filla Isabel, nacida en 1830, podía reinar.
 - Moitos absolutistas non o aceptaron e **apoiaron** o irmán de Fernando VII, **Carlos de Borbón**.
- Cando en 1833 morreu Fernando VII, a súa viúva, a **raíña María Cristina**, **fixose cargo do goberno**, xa que Isabel era menor de idade.

4.4. Primeira guerra carlista.

- Á súa vez, Carlos de Borbón proclamouse rei de España, desencadeándose así a **primeira guerra carlista** (1833-1840).
- A guerra non só foi un **conflito dinástico**, senón tamén un **enfrentamento ideolóxico** entre dous bandos:
 - os **liberais**, que apoiaban a Isabel
 - os **carlistas**, que defendían o absolutismo, a volta ao Antigo Réxime e o mantemento dos foros.
 - Estes tiveron os seus principais partidarios no País Vasco e Navarra e nalgúñas zonas de Aragón, Cataluña e Valencia.
- A **guerra terminou coa derrota carlista**.
 - O **Abrazo de Vergara** puxo fin ao conflito, aínda que carlistas e liberais volveron a enfrontarse noutras dúas guerras ao longo do século XIX.

13. A PRIMEIRA GUERRA CARLISTA



6. O REINADO DE FERNANDO VII



5. Isabel II e a construción do Estado liberal (1833-1868)

5.1. Rexencias de María Cristina e Espartero.

- **Isabel II herdou o trono** con tan só tres anos, o que produciu un período de rexencias.
- **A primeira rexente** foi súa nai, **María Cristina**. (1833-1840).
 - O Goberno quixo manter o absolutismo, pero o comezo da **guerra carlista forzou a rexente a buscar o apoio dos liberais, divididos en moderados e progresistas**.
- **Inicialmente**, María Cristina aliouse cos **moderados**, pero as protestas populares e o **motín de La Granja** (1836) obrigárona a **entregar o Goberno aos progresistas**, que tomaron medidas para terminar co Antigo Réxime, como:
 - a **desamortización** promovida polo ministro **Mendizábal** en 1836.
 - a promulgación da **Constitución de 1837**, que non era tan avanzada como a de 1812.
- **Segunda rexencia. Espartero (1840-43)**.
 - En 1840, María Cristina **dimitiu**. Asumiu a rexencia o xeneral Espartero, un **militar progresista** que **governou de forma autoritaria**.
 - A rexencia acabou tras a sublevación de 1843, liderada polo xeneral moderado Narváez.
- Isabel II foi proclamada raiña con só trece anos.

	MODERADOS	PROGRESISTAS
Soberanía	Compartida entre as Cortes e o rei	Nacional
Sufraxio	Censitario restrinxido	Censitario máis amplo
Poder lexislativo	Cortes co rei. Parlamento bicameral (Congreso e Senado)	Cortes. Parlamento unicameral (Congreso)
Poder executivo	Rei. Nomea o Goberno	Rei. Nomea o Goberno
Poder xudicial	Tribunais e xuíces	Tribunais e xuíces
Atribucións do rei	Executar as leis, disolver o Congreso, nomear os senadores, dirixir a política exterior...	Executar as leis, disolver o Congreso con condicións, nomear algúns senadores, dirixir a política exterior con condicións...
Dereitos individuais	Limitados	Máis amplos
Confesionalidade	Estado confesional católico, sen liberdade de culto	Estado confesional católico, con liberdade de culto

* O reinado persoal de Isabel II.

5.2. A Década Moderada (1844-1854)

- Durante os primeiros anos do seu reinado persoal, Isabel II encargou a formación de Goberno só aos moderados. O **xeneral Narváez** presidiu varios Gobernos.
- En **1845** promulgouse unha **Constitución**
 - establecía a **soberanía compartida** entre o rei e as Cortes,
 - eran elixidas por un **sufraxio moi restrinxido** (0,8% da poboación).
 - Tamén se limitaron algúns dereitos individuais, como a liberdade de prensa.
- O Estado organizouse de forma **centralista**.
- A política ultraconservadora do Goberno conduciu
 - á **radicalización dos progresistas**
 - á **escisión** de
 - **demócratas**, que defendían o sufraxio universal masculino.
 - **republicanos**, que desexaban a proclamación da república.
- En 1854, o **pronunciamento de Vicálvaro**, dirixido por **O'Donnell** e apoiado por algúns moderados e os progresistas, puxo fin a esta etapa.

5.3. Bienio Progresista (1854-1856)

- Durante o Bienio Progresista houbo unha **grande actividade lexislativa**:
 - destaca unha **Constitución** (1856) que **non** chegou a ser **promulgada**,
 - a **desamortización de Madoz** de bens da Igrexa e dos concellos, etc.
- A crise económica, os conflitos sociais e as loitas polo poder fixeron que en 1856 a raiña encargara a formación de Goberno a O'Donnell.

5.4. Moderados e unionistas (1856-1868).

- O'Donnell creara en 1854 a **Unión Liberal**, un partido centrista que alternou no Goberno cos moderados ata 1868.
- En 1866, progresistas, demócratas e republicanos asinaron o **Pacto de Ostende**, en que acordaron derrocar a Isabel II e democratizar a vida política española. A Unión Liberal sumouse ao pacto posteriormente.

6. O Sexenio Democrático.

6.1. A revolución de 1868.

En 1868 produciuse un **pronunciamento** para depoñer a Isabel II, liderado polos **xenerais Serrano e Prim**. Esta **revolución**, coñecida como a **Gloriosa**, **triunfou** rapidamente e a raíña viuse obrigada a abandonar España.

Tras derrocar a raíña constituíuse un **Goberno provisional** presidido por **Serrano**, que convocou eleccións a Cortes Constituíntes. Estas aprobaron a **Constitución de 1869**, o **primeiro texto democrático** da historia de España. Contínha unha ampla declaración de dereitos e recoñecía o **sufrixio universal masculino**.

A **monarquía mantívose** como forma de goberno e Serrano foi nomeado rexente ata que se elixise un rei.

TEXTOS HISTÓRICOS FUNDAMENTAIS


Constitución de 1869

Art. 16. Ningún español que se atope no pleno gozo dos seus dereitos civís poderá ser privado do dereito de votar nas eleccións de senadores, deputados a Cortes [...] e concelleiros. [...]

Art. 21. A nación obrígase a manter o culto [...] da relixión católica.

O exercicio [...] de calquera outro culto queda ga-

12. O REINADO DE ISABEL II



6.2. A monarquía de Amadeo I (1871-1873)

As Cortes elixiron rei a **Amadeo de Saboia**, que chegou a España pouco despois do **asasinato do xeneral Prim**, principal defensor da súa candidatura. Amadeo I foi un rei democrático pero tivo que facer fronte á **oposición dos monárquicos, da Igrexa e dos republicanos**.

Durante o seu reinado estalou a **terceira guerra carlista**, promovida polo **pretendente carlista Carlos VII**, iniciouse en 1872 e finalizou en 1876, xa no reinado de Alfonso XII.

Ademais, gran parte da poboación rexeitouno por ser estranxeiro.

Incapaz de superar estas dificultades, Amadeo I **abdicou**.

6.3. A Primeira República

Tras a abdicación de Amadeo I, as Cortes proclamaron a **Primeira República española**. Esta só durou nove meses, nos cales tivo **catro presidentes: Figueras, Pi i Margall, Salmerón e Castelar**, e tivo que facer fronte a **graves problemas**: alzamento en Cuba apoiado polos EEUU, cantonalismo, continuación da 3ª guerra carlista...

Nesta situación de caos xeneralizado, o **xeneral Pavía deu un golpe de Estado** e dissolveu as Cortes en xaneiro de 1874. Un novo **pronunciamento**, protagonizado polo **xeneral Martínez Campos** en decembro de 1874, **restaurou a dinastía dos Borbóns**.

7. A Restauración.

En 1874, o **xeneral Martínez Campos proclamou rei a Alfonso XII**, fillo de Isabel II. Deste xeito comezou unha nova etapa política, a **Restauración**. Este foi un período de **notable estabilidade** política en España.

O novo rei, partidario da **monarquía constitucional**, nomeou **presidente de Goberno a Antonio Cánovas del Castillo**, quen fora o artífice da volta dos Borbóns. Cánovas puxo fin á guerra de Cuba e á guerra carlista e creou un **novo sistema político** en que tiñan cabida todos os partidos que aceptasen a monarquía e un réxime constitucional.

7.1. Apoxeo da Restauración.

A Restauración baseouse en **dous piares**: unha **nova Constitución** e a **alternancia no poder** dos dous grandes partidos.

A **Constitución de 1876** intentou ser **conciliadora**. Para satisfacer os progresistas e os demócratas incluíu unha ampla relación de **dereitos e liberdades**, mentres que para satisfacer os moderados, proclamou a **confesionalidade do Estado e a soberanía compartida** entre as Cortes e o rei.

O exercicio do poder quedou en mans de **dous únicos partidos** políticos, que aceptaban a monarquía constitucional e que **alternaron no Goberno de maneira pacífica**. Estes partidos eran o **Partido Conservador e o Partido Liberal**:

- Os **conservadores**, liderados por **Cánovas**, proclamábanse defensores da Igrexa e da orde social,
- Os **liberais**, liderados por **Sagasta**, eran partidarios de importantes reformas sociais. Nun dos seus Gobernos **aprobouse o sufraxio universal masculino (1890)**.

O monopolio do Goberno por parte de conservadores e liberais foi posible pola existencia da **corrupción electoral**. **O rei decidía** primeiro o partido que ía formar Goberno, e despois convocábanse eleccións que se amañaban para que as gañase o partido elixido.

- **No campo**, individuos poderosos, os chamados **caciques**, **forzaban á poboación rural** mediante ameazas ou agresións a votar ao partido que conviña para a formación do Goberno. Esta práctica coñécese como **caciquismo**.
- **Nas cidades**, onde os caciques tiñan menos poder, **manipulábanse** os resultados se non eran os esperados (**pucherazo**). Así "fabricábanse" resultados electorais que daban alternativamente a vitoria a conservadores e a liberais.

Este sistema **proporcionou estabilidade** á vida política española. Pero, a alternancia de partidos **deixaba fóra** do Goberno **tres grupos** cada vez máis representativos: os **anarquistas**, os **socialistas**, liderados por Pablo Iglesias, e os **nacionalistas** cataláns, vascos e galegos, todos eles **contrarios ao Estado centralizado**.

7.2. A crise da Restauración (1902-1931).

En 1885 **morreu o rei Afonso XII**. Meses despois **naceu o seu fillo**, o futuro **Afonso XIII**, polo que a súa nai, a **raíña María Cristina**, **exerceu a rexencia** ata a súa maioría de idade. Os partidos Conservador e Liberal comprometéronse a manter a alternancia para garantir a estabilidade.

En 1902, **Afonso XIII** foi declarado maior de idade. A Constitución de 1876 seguiu vixente e mantívose a **alternancia**. No **Partido Conservador** destacou **Antonio Maura** e no **Partido Liberal**, **José Canalejas**. **Maura quixo acabar co caciquismo** modificando a lei electoral e a administración local. (non o conseguiu). **Canalejas** aplicou **reformas sociais**.

Os partidos Liberal e Conservador **cada vez eran menos representativos**. A burguesía catalana e vasca empezaron a apoiar os **partidos nacionalistas**, unha parte das clases medias e os obreiros votaban aos **republicanos e ao PSOE**, e os **sindicatos (UGT e CNT)** adquiriron gran forza. A partir de 1909 houbo varias crises:

TEXTOS HISTÓRICOS FUNDAMENTAIS

A fraude electoral

Para facer as listas de electores pónense nelas algúns nomes verdadeiros perdidos entre unha multitude de imaxinarios e, sobre todo, de defuntos. A representación destes últimos dáse sempre a axentes disfrazados de paisano para ir votar. O autor destas liñas viu repetidas veces que seu pai, falecido xa hai algúns anos, ía depositar o seu voto na urna baixo a figura dun varredor da cidade ou dun sabuxo de policía, vestido cun traxe prestado.

Valentí ALMIRALL, *España tal como é*, 1886


- **A Semana Trágica. En 1909** produciuse unha insurrección popular en Barcelona.
- **A crise de 1917:** protesta política, coa convocatoria dunha asemblea que reclamaba a autonomía para Cataluña, o movemento sindical convocou unha folga xeral...
- **A radicalización do movemento obreiro. Entre 1919 e 1923.** Os empresarios responderon co peche de empresas e a contratación de pistoleiros, e o Goberno, cunha dura represión.

→ SABER FACER

Interpretar un organigrama

Un organigrama representa a estrutura dun contido a través das relacións xerárquicas dos seus elementos. O organigrama da formación dos partidos políticos españois no século XIX permítenos ver graficamente a súa evolución ideolóxica. (18)

18. OS PARTIDOS POLÍTICOS ESPAÑOIS NO SÉCULO XIX



Ante a crise, os partidos políticos burgueses, incluso a Lliga, colaboraron en **gobiernos de concentración**. Pero a inestabilidade persistiu.

7.3. A crise do 98

O **movemento independentista cubano** rexurdiu. En 1895 iniciouse unha insurrección na illa. A pesar das tropas enviadas desde a Península, o exército español viu diezmadas as súas filas polos continuos ataques dos insurrectos e polas epidemias.

En 1896 estalou tamén o **movemento independentista en Filipinas**.

A explosión do **acoirazado estadounidense Maine** en 1898 na Habana serviu de pretexto a **Estados Unidos para declarar a guerra** a España.

A frota estadounidense destruíu a escuadra española e o 3 de xullo acabou co resto da armada na **batalla de Santiago de Cuba**.

Tras a guerra asinouose o Tratado de París polo que **España renunciou a Cuba**, declarada independente baixo a administración de EEUU, mentres **Filipinas e Porto Rico se converteron en colonias estadounidenses**. Era o final do imperio español en América e Asia. Este feito, coñecido como o **desastre do 98**, provocou unha **forte crise na opinión pública**. Unha das súas consecuencias foi o **rexeneracionismo**, un movemento intelectual que propoñía reformas para **superar o atraso de España**.



8. Galicia no século XIX.

Os feitos máis importantes deste período foron a **emigración** e o **galeguismo** e o **rexurdimento**.

- No século XIX comezou a **emigración masiva** de galegos, fundamentalmente dirixida cara aos **países americanos** de cultura ibérica: Cuba, Arxentina, Uruguai, Brasil e Venezuela. Tamén houbo emigración a **ciudades grandes** da Península.

Boa parte da emigración galega a América produciuse neste período. A emigración supuxo a **perda da poboación máis nova**, pero tamén estableceu unha vía de penetración de **melloras** como a creación de escolas, grazas ás **divisas (remesas de cartos)** que enviaban os emigrados).

- Tamén xurdiu o galeguismo, unha **corrente de pensamento** baseada na **conciencia do carácter diferencial de Galicia** no conxunto de España e que loitaba contra a súa marxinação política e económica. Paralelamente, tamén se desenvolveu un amplo **movemento de rexeneración cultural**, o **Rexurdimento**, da man sobre todo de Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez.

9. A Revolución Industrial en España.

9.1. O predominio da agricultura

- No século XIX, España seguía sendo un país fundamentalmente agrario en que o 70% da poboación activa traballaba en labores agropecuarios.
- Os políticos liberais tomaron **diversas medidas** entre elas destacaron as **desamortizacións**.
 - As terras **amortizadas** son as que non se podían comprar nin vender por estar vinculadas á Igrexa, aos municipios, aos nobres...
 - A desamortización das terras consistía na **incautación polo Estado** de terras amortizadas, para vendelas a particulares en poxa pública.
- Houbo dúas grandes desamortizacións:
 - a de **Mendizábal** (1836-1844), pola que o Estado vendeu terras da Igrexa.
 - a de **Madoz** (1855), que afectou a bens dos concellos e doutras institucións.
- Coa desamortización moitos **burgueses compraron terras** e melloraron os métodos de cultivo e os aparellos agrícolas e a produción aumentou.
- Non obstante, a maioría **dos campesiños non puideron comprar** terras e seguiron sendo xornaleiros que apenas daban sobrevivido.

9.2. O atraso da Revolución Industrial

- A Revolución Industrial iniciouse en España con atraso respecto a outros países europeos, como o Reino Unido ou Alemaña, debido a diversos factores:
 - **Materias primas:** O **carbón** era escaso e de mala calidade e a súa extracción era custosa. O **ferro** só se explotaban no norte da Península, e exportábase ao Reino Unido.
 - As **infraestruturas de transporte** eran deficientes, principalmente como consecuencia do accidentado relevo español.
 - Non existía un **mercado interior** pola reducida capacidade de compra da poboación.
 - A escaseza de **capitais propios** fixo que gran parte dos investimentos na industria española os realizasen empresarios estranxeiros.

9.3. Industrias, ferrocarril e finanzas

- As **primeiras industrias** desenvolvéronse nas seguintes zonas:
 - A **industria téxtil do algodón en Cataluña**, localizada arredor de Barcelona.
 - A **industria siderúrxica no País Vasco e Asturias**, destacando a ría de Bilbao.
- Os **transportes experimentaron grandes transformacións**.

TEXTOS HISTÓRICOS FUNDAMENTAIS

A desamortización de Mendizábal

Vender a masa de bens que viñeron a ser propiedade do Estado non é tan só [...] dar unha garantía positiva [saldar] á débeda nacional; [...] é abrir unha fonte abundantísima de felicidade pública; vivificar unha riqueza morta; desobstruír as canles da industria e da circulación; apegar o país [...] a todo o propio; [...] é, en fin, identificar co trono excelso de Isabel II, [a] orde e [...] a liberdade. [...]

Velaquí, señora, seguidamente bosquexados o obxecto e os fundamentos do decreto [que] someto á augusta aprobación de V. M. [...]

Gaceta de Madrid, 21 de febreiro de 1836



- Quen foi Mendizábal?
- Cales eran os obxectivos económicos e políticos da desamortización segundo o texto?

- O primeiro **ferrocarril** español empezou a funcionar en 1848 e comunicaba Barcelona e Mataró.

- A **lei de ferrocarrís de 1855** estimulou a construción da rede ferroviaria básica, que tivo unha realización intensiva na década seguinte.
- A esta rapidez contribuíron a axuda estatal, os avances técnicos e a chegada de capital estranxeiro, sobre todo francés.



20. REDE FERROVIARIA E PRINCIPAIS INDUSTRIAS EN ESPAÑA

10. As transformacións sociais e a loita obreira.

10.1. As orixes do movemento obreiro.

- Ata 1868, o **movemento obreiro** en España tivo **pouca repercusión**, en parte debido á escasa industrialización do país.
- As primeiras manifestacións foron accións luditas de destrución de máquinas ou fábricas,
- Cara a 1840 xurdiron as primeiras asociacións obreiras, como a **Asociación Mutua de Obreiros da Industria Algodoeira**; que reivindicaban o dereito de asociación.

10.2. O anarquismo.

- A división interna da AIT entre marxistas e anarquistas inclinou os sindicalistas españois cara á segunda opción.
 - O anarquismo tivo unha **rápida difusión en España**, sobre todo en Cataluña, Andalucía e Valencia.
 - Despois de dúas décadas de desorganización, os diferentes grupos anarquistas fundaron en 1910 a **Confederación Nacional do Traballo (CNT)**, o sindicato anarquista.

10.3. O socialismo

- Difundiuse por España a través de **Pablo Iglesias**, fundador en 1879 do **Partido Socialista Obrero Español (PSOE)**.
 - En 1888, un congreso obreiro celebrado en Barcelona decidiu a creación da **Unión Xeral de Traballadores (UGT)**, organización Sindical estreitamente vinculada ao PSOE
 - A comezos do século XX, a presenza socialista en España era menor ca a anarquista e só tiña importancia en Madrid e no País Vasco.
 - Pero desde 1914, o socialismo foi gañando seguidores en Andalucía, Extremadura e Levante.